

## EXPLICACIÓN DO ANEXO D: IV a

DÉBESE UTILIZAR UN IMPRESO PARA CADA DESTINO DOS PRODUTOS ENTREGADOS (VIÑO CON DOP, VIÑO CON IXP, VIÑO VARIETAL SEN DOP OU IXP, VIÑO SEN IX, OUTROS VIÑOS, MOSTOS, OUTROS PRODUTOS), NO CAL SE SINALARÁ CUN “X” O RECADRO CORRESPONDENTE.

CANDO SEXAN INSUFICIENTES AS LIÑAS DO CADRO B, UTILIZARANSE OS IMPRESOS ADICIONAIS NECESARIOS.

OS IMPRESOS NUMERARANSE SECUENCIALMENTE, NA EPÍGRAFE “IMPRESO N°

### FORMALIZACIÓN DOS DATOS SOLICITADOS

**UNIDADES** Os datos indicaranse nas diferentes celas deste impreso, de acordo cos seguintes criterios: superficie en hectáreas (ha) (10.000 metros cadrados), con dous decimais; volume en hectolitros (hl) (100 litros), con dous decimais, os (hl) de produtos incluídos en impresos con destino á elaboración de viños indicaranse en equivalentes de viño calculados a partir dos 100 kg da uva de procedencia multiplicados por 0,74; os mostos concentrados ou transformados en zume indicaranse en hl do produto obtido. En todos os casos a supresión de decimais efectuarase sen redondeo.

**CADRO A** **Columna (1).** Indicarase a denominación comunitaria dos produtos entregados: uva, mosto de uva, mosto de uva concentrado, mosto de uva concentrado rectificadado, etc.

**Columnas (2) e (3).** Reflectiranse as cantidades dos produtos da columna (1), expresadas en hl, e diferenciarase o destino da produción en tinto/rosado e branco.

**Columna (4).** Consignaranse os rendementos en hl/ha obtidos no viñado de procedencia de cada partida. Estes deben coincidir cos declarados no correspondente anexo de declaración de colleita de uva, polas persoas obrigadas á súa presentación, e cos que figuren no anexo IV b para as operacións de compravenda. Deberá cumprirse a relación  $(4)=[(2)+(3)]/(5)$ .

**Columna (5).** Indicarase a superficie de produción en ha, da cal proceden as cantidades reflectidas nas columnas (2) e (3). Para as celas de cada liña deberá cumprirse a relación:  $(5)=[(2)+(3)]/(4)$ .

**Columnas (6), (7), (8), (9), (10), (11) e (12).** Marcarase cun X a aptitude do viñado de que procede o produto, na columna: 6- Viño con DOP 7- Viño con IXP, 8- Viño varietal, 9- Viño sen IX, 10- Outros viños, 11-Mostos, 12- Outros produtos.

**Columnas (13), (14), (15) e (16).** Sinalaranse os datos de identificación das persoas provedoras de partidas, incluídas as persoas socias de cooperativas ou S.A.T. Para os produtos colleitados pola propia persoa declarante, indicaranse na columna (13), "declarante", e non será necesario cubrir as restantes celas. A columna (15) cubrirase unicamente cando exista compravenda do produto.

**Suma e segue ou total do destino sinalado.** Marcarase cun X o recadro que corresponda en cada caso, segundo se trate de impresos que conteñan sumas parciais ou o total dos produtos, con análogo destino ao sinalado.